Asunto: remisión de anteproxecto de lei para ditame do Consello Económico e Social de Galicia

Achégolle a proposta ao Sr. Presidente da Xunta de remisión, para ditame do Consello Económico e Social de Galicia, do expediente do "Anteproxecto de lei de artesanía de Galicia", asinada polo vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica
O secretario xeral técnico
Pablo Casal Espido

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 07/11/2022 17:41:22

Secretaría Xeral da Presidencia

Secretaría Xeral Técnica
Edificio administrativo de San Caetano s/n, Bloque 5
15781 Santiago de Compostela
Tfno: 981 545 532- mail: cei.secretarioxeral@xunta.gal

CVE: x9HHxbj64PU1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Visto o Anteproxecto de lei de artesanía de Galicia e con suxeición ao disposto na Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia,

RESOLVO

1. Subscribir o contido do Anteproxecto de lei de artesanía de Galicia, para os efectos de sometelo ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2. Propoñer ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia a remisión deste anteproxecto de lei ao Consello Económico e Social de Galicia, coa finalidade de recadar o seu preceptivo ditame, de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2022

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación



Francisco José Conde López

INDICE DE DOCUMENTACIÓN QUE INTEGRA O EXPEDIENTE DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA:

1. Acordo de inicio.
2. Certificado de consulta pública previa no Portal de Transparencia.
3. Memoria xustificativa.
4. Memoria económica.
5. Táboa de vixencia.
6. Texto anteproxecto de lei artesanía de Galicia_v1.
7. Informe xurídico da Secretaría Xeral Técnica.
8. Certificado normativa en tramitación no Portal de Transparencia
9. Portal de Transparencia_suxestións recibidas
10. Informe Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa
11. Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade
12. Informe de impacto demográfico da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
13. Trámite de información pública. Anuncio DOG
14. Trámite de audiencia: relación de envíos.
15. Trámite de audiencia: alegacións da Federación Galega de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros.
16. Alegacións da antiga vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
17. Memoria sobre as alegacións recibidas.
18. Anexo á memoria de alegacións.
19. Nova memoria económica
20. Informe de sostibilidade financeira Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
21. Certificado exposición anteproxecto no Sistema de Cooperación LGUM
22. Texto anteproxecto de lei de artesanía de Galicia_v2 tras alegacións e informes.
23. Informe Asesoría Xurídica Xeral.

Secretaría Xeral Técnica
Edificio administrativo de San Caetano s/n, Bloque 5
15781 Santiago de Compostela
Tfno: 981 545 532- mail: cei.secretarioxeral@xunta.gal

PROCEDEMENTO: ANTEPROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA

Lourdes Ledo Moure, subdirectora xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

CERTIFICA

Que a documentación que se achega é copia da que obra no expediente administrativo do "*Anteproxecto de lei de artesanía de Galicia*".

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

Asinado por: LEDO MOURE, LOURDES
Cargo: Subdirectora Xeral
Data e hora: 10/11/2022 12:30:02

CVE: r1XMVg0hTWj8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Secretaría Xeral Técnica
Edificio administrativo de San Caetano s/n, Bloque 5
15781 Santiago de Compostela
Tfno: 981 545 532- mail: cei.secretarioxeral@xunta.gal

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

galicia

ACORDO PREVIO PARA A TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA

O Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, sinala que esta vicepresidencia segunda e consellería é o órgano da Administración da comunidade autónoma ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de artesanía, é mais concretamente a de proposta normativa.

Ao abeiro da competencia exclusiva que o artigo 27.17º do Estatuto de Autonomía de Galicia outorga á nosa comunidade autónoma en materia de artesanía, o Parlamento galego aprobou a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, establecendo o marco legal de actuación do sector artesanal de Galicia.

Dado o tempo transcorrido dende a súa aprobación, xurde a necesidade de adaptar esta regulación á nova realidade da artesanía do século XXI, creando un marco legal axeitado de actuación para que este sector, de relevante interese para Galicia, manteña a súa importancia social e cultural, e incremente a súa competitividade económica e profesional.

A vista do cal, DISPOÑO:

ORDEAR O INICIO do procedemento de elaboración do anteproxecto da nova Lei de artesanía de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

O vicepresidente segundo e

conselleiro de Economía, Empresa e Innovación

Francisco José Conde López

XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

María José García Sexto, directora da Área de Administración Dixital na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,

CERTIFICO:

Que durante o período comprendido entre o 12/04/2021 e 26/04/2021 (en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2017 polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia) se expuxo publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do portal de Transparencia e Goberno aberto a proposta normativa:

Lei de Artesanía de Galicia

Para este proxecto non se recibiron achegas/opinións a través do formulario dispoñible no propio portal de Transparencia e Goberno aberto.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente certificación en Santiago de Compostela.

A directora da Área de Administración Dixital

María José García Sexto

Asinado por: GARCIA SEXTO, MARIA JOSE
Cargo: Directora de Área
Data e hora: 31/05/2021 15:34:47

CVE: 2fCjAzQH26
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA

I.- COMPETENCIA

O artigo 27.17º do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece que, no marco do presente Estatuto, corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de artesanía.

Actualmente, o Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, sinala que esta consellería é o órgano da Administración da comunidade autónoma ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de artesanía e, mais concretamente, a de proposta normativa.

II.- MARCO LEGAL

Ao abeiro da competencia exclusiva que o artigo 27.17º do Estatuto de Autonomía de Galicia outorga á nosa comunidade autónoma en materia de artesanía, o Parlamento galego aprobou a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, establecendo o marco legal de actuación do sector artesanal de Galicia.
Dado o tempo transcorrido resulta necesaria unha actualización y modernización da normativa reguladora da artesanía.

III.- CONTIDO DO ANTEPROXECTO DE LEI

O anteproxecto de lei consta dunha parte expositiva e dunha parte dispositiva de catorce artigos agrupados en cinco capítulos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria única e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I, baixo a rúbrica "Disposicións xerais", consta de tres artigos:

Artigo 1. *Obxecto e fins*

Nel establécese que a lei ten por obxecto a ordenación, promoción, fomento, modernización e profesionalización do sector artesán na Comunidade Autónoma de Galicia e defínense os principais fins que persegue a lei:

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Promover o desenvolvemento da artesanía como actividade económica sostible.
- Garantir a protección das diversas manifestacións artesanais galegas.
- Manter canles de cooperación e colaboración entre o sector artesanal e a Administración autonómica.

De acordo con estes fins, redefínense e perfílanse novos obxectivos, resaltando aspectos clave como:

- A tradición, a innovación e a calidade de produtos e procesos.
- A conservación e a recuperación de oficios e o relevo xeracional.
- A expansión e o deseño da artesanía contemporánea.
- A rendibilidade e a competitividade.
- A profesionalización e a formación.
- A posta en valor e a divulgación do patrimonio artesanal.
- A responsabilidade social e medioambiental.
- A dinamización do rural.

O artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Nel establécese o ámbito de aplicación da lei e recóllense expresamente as exclusións deste; en concreto, a produción exclusivamente mecanizada e a artesanía alimentaria, que se regulan pola súa propia normativa.

O artigo 3. *Conceptos*

Neste artigo, para unha maior seguridade xurídica, transparencia e comprensión do texto, defínense, aos efectos da lei, os conceptos de artesanía, de obradoiro artesanal e de mestre/a artesá/n. Así mesmo, incorpóranse as definicións de persoa artesá, de asociación e federación artesanal e de establecemento de venda de Artesanía de Galicia.

A ordenación do sector artesanal fundamenta o recoñecemento administrativo que identifique ao sector artesanal. Todos os conceptos citados conforman o sector artesanal e, por iso, cada un deles será obxecto de recoñecemento oficial individualizado, nos termos previstos na lei.

En concreto, polo que se refire á artesanía, revísase a súa definición de acordo co contexto actual no que se desenvolve a actividade artesanal, definíndose como toda actividade económica que supoña o deseño, a creación, a produción, a transformación, a restauración ou a reparación de bens de valor artístico ou tradicional e de bens de consumo, así como a prestación de ser-

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

vizos derivada daquelas, sempre e cando se realicen ou obteñan mediante procesos nos que a intervención persoal e o coñecemento técnico da persoa ou persoas que participan nelas constitúan o factor determinante para a obtención do produto final.

Sinálase o carácter individualizado e diferenciado dos produtos e servizos e, como novidade, contémplase como un factor inherente ao contexto actual no que se desenvolve a actividade artesanal o alcance e o ámbito do uso de ferramentas, tanto dixitais como analóxicas, de maquinaria auxiliar ou doutros activos para que, no seu caso, sexa compatible co concepto de artesanía.

A persoa artesá refírese á actividade artesanal vencellada á cualificación, habilidade e destreza da persoa física que a realiza.

O obradoiro artesanal refírese á actividade artesanal como unidade económica e profesional.

A mestra artesá ou mestre artesán, refírese ao recoñecemento do exercicio dun oficio ou da transmisión dun oficio vencellado á excelencia.

Por último, os conceptos de asociación e federación artesanal e de establecemento de venda de Artesanía de Galicia, parte do sector artesanal, refírense aos canles de representación e de comercialización, respectivamente.

O Capítulo II, baixo a rúbrica de "ordenación e regulación do sector artesanal galego", consta de sete artigos:

Artigo 4. *Modalidades das actividades artesanais*

Como novidade, a lei introduce a definición das distintas modalidades nas que se clasifican as actividades artesanais segundo o seu contido principal:

a) Artesanía de carácter tradicional: pezas artesás realizadas con técnicas tradicionais conservando os seus trazos etnográficos e de identidade.
b) Artesanía artística ou de creación: obras ou traballos realizados con técnicas artesanais e cuxa peculiaridade son a creación, a singularidade e a innovación.
c) Artesanía de produción de bens de consumo: pezas producidas para satisfacer unha necesidade determinada.

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

d) Artesanía de servizos: actividades artesanais de reparación e de mantemento de produtos artesáns ou históricos, así coma os que presten servizos persoais ou complementarios a algunha actividade das recollidas na Relación de Actividades Artesás de Galicia.

Igualmente, establécese por primeira vez a posibilidade de clasificación ou organización das actividades artesanais en subsectores económicos mediante orde da consellería competente en materia de artesanía.

Artigo 5. *Relación de Actividades Artesás de Galicia*

Pola súa relevancia na ordenación da actividade artesanal, introdúcese un artigo que regula a Relación de Actividades Artesás de Galicia en termos similares aos establecidos no artigo 30 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.

Neste caso, a lei limítase a definir a Relación de Actividades Artesás de Galicia como o conxunto sistematicamente ordenado de actividades económicas artesanais, clasificadas conforme ao CNAE. Mantén o carácter aberto e revisable desta relación e remite ao desenvolvemento regulamentario a determinación do seu contido, estrutura e sistemática.

Artigo 6. *Recoñecemento oficial da condición de persoa artesá. A carta de artesá e artesán*

Para os efectos da lei, o recoñecemento oficial pola Administración autonómica da condición de persoa artesá realizarase mediante o outorgamento da carta de artesá e artesán pola consellería competente en materia de artesanía, a proposta da Comisión Galega de Artesanía, remitíndose ao que se dispoña regulamentariamente para a regulación do procedemento e dos requisitos para o seu outorgamento.

Establécese expresamente que a carta de artesá e artesán é voluntaria e que non constitúe un requisito para o exercicio da actividade artesanal aínda que si é requisito para solicitar o recoñecemento oficial da condición de obradoiro artesanal e de mestra artesá e mestre artesán.

Como novidade, a carta de artesá e artesán terá unha vixencia indefinida, fronte a vixencia actual de 5 anos, de acordo co principio de simplificación administrativa e de eliminación de cargas para o administrado.

Artigo 7. *Recoñecemento oficial da condición de obradoiro artesán*

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Para os efectos da lei, o recoñecemento oficial pola Administración autonómica da condición de obradoiro artesán outorgarase mediante a expedición do título de obradoiro artesanal pola consellería competente en materia de artesanía, a proposta da Comisión Galega de Artesanía.

Establécese que o título de obradoiro artesanal ten carácter voluntario e que non constitúe un requisito para o exercicio da actividade artesanal.

Así mesmo, establécense novos requisitos para o outorgamento do título de obradoiro artesanal en coherencia e concordancia co exercicio dunha actividade económica.

Así, ademais de que a persoa responsable da actividade produtiva estea en posesión da carta de artesá e artesán e que sexa a que dirixa ou controle a totalidade do proceso produtivo, introdúcese na lei a obriga da persoa titular da unidade económica de estar dada de alta no Imposto de Actividades Económicas e no réxime que corresponda da Seguridade Social, ademais de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e coa Administración pública da comunidade autónoma.

Por último, mantense o umbral de dez persoas traballadoras empregadas, con independencia de que sexan parte da unidade familiar ou non. En todo caso, mantense a previsión de que este número poida ser aumentado a proposta da Comisión Galega da Artesanía, en atención á natureza da actividade desenvolvida e nos termos previstos na lei.

A vixencia do título de obradoiro artesanal mantense en cinco anos.

Por último, revísanse os beneficios deste recoñecemento de acordo coa realidade actual, estableceéndose os seguintes:

a. Participar nas convocatorias de concesión de subvencións e de axudas relacionadas co exercicio da actividade artesanal que sexan convocadas pola consellería competente en materia de artesanía, así como nos procedementos de concesión directa.
b. Participar nos eventos de interese artesanal organizados ou financiados pola consellería competente en materia de artesanía nos termos establecidos regulamentariamente.
c. Ser beneficiario/a do uso da marca Artesanía de Galicia de conformidade co disposto na normativa reguladora da marca.
d. Calquera outro beneficio que se estableza regulamentariamente.

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 8. *Recoñecemento oficial da condición de mestra artesá e mestre artesán: carta de mestra artesá e mestre artesán*

A regulación do recoñecemento oficial da condición de mestra artesá e mestre artesán, a través da carta de mestra artesá e mestre artesán, constitúe unha das novidades do texto legal.
A carta de mestra artesá e mestre artesán é unha distinción persoal vencellada ao exercicio profesional dunha actividade para darlle continuidade a un ou mais oficios artesanais.

A carta de mestra artesá e mestre artesán ten carácter voluntario e non constitúe un requisito para o exercicio da actividade artesanal.

Establécense dúas modalidades:

- A carta de mestra artesá e mestre artesán profesional: esta modalidade recoñece a mestría no exercicio dun oficio.
- A carta de mestra artesá e mestre artesán divulgativo: esta modalidade recoñece a capacidade de transmisión dos coñecementos do oficio mediante a docencia ou outro medio pedagóxico.

O seu outorgamento realizarase previa convocatoria pública da consellería competente en materia de artesanía de acordo co procedemento establecido regulamentariamente e cos requisitos establecidos para cada unha das modalidades.

A carta terá unha vixencia indefinida.

Artigo 9. *Recoñecemento oficial de asociacións e federacións artesanais*

A lei establece un recoñecemento das asociacións e federacións profesionais e empresariais que teñan carácter artesanal e remite a regulación do procedemento e requisitos ao seu desenvolvemento regulamentario.

Por último, establece os beneficios deste recoñecemento e, en concreto:

a. Participar nas convocatorias de concesión de subvencións e axudas relacionadas co desenvolvemento dos seus fins e que sexan convocadas pola consellería competente en materia de artesanía, así como nos procedementos de concesión directa.

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b. Participar nos eventos de interese artesanal organizados ou financiados pola consellería competente en materia de artesanía nos termos establecidos regulamentariamente.
c. Calquera outro beneficio que se estableza regulamentariamente.

Artigo 10. *Puntos de especial interese artesanal*

A súa regulación constitúe unha das principais novidades do texto legal e está vencellada á especial vinculación da actividade artesanal ao territorio e a súa contribución ao desenvolvemento do medio rural.

Este recoñecemento ten unha dobre finalidade; por unha banda, a promoción dos territorios (fundamentalmente rurais) e, pola outra, a recuperación, conservación e divulgación das manifestacións artesanais de especial singularidade.

Distínguense dúas categorías:

– Zona de especial interese artesanal:

Terá esta consideración o territorio formado por un ou varios municipios ou parte dos mesmos que conte cun colectivo artesanal activo e homoxéneo onde os oficios propios estean relacionados co territorio, o procedemento e o produto, ou que teña unha tradición artesanal de longo percorrido ou de recoñecemento histórico.

– Obradoiro de especial interese artesanal:

Terá esta consideración o obradoiro que veña desenvolvendo a súa actividade cun marcado interese cultural e territorial e no que concorran especiais características de tradición, innovación, produción ou comercialización.

O recoñecemento de puntos de especial interese artesanal efectuarase pola consellería competente en materia de artesanía previo informe preceptivo da Comisión Galega de Artesanía e de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.

O capítulo III, baixo a rúbrica "Marca de Artesanía de Galicia" consta dun único artigo:

Artigo 11. *Marca de Artesanía de Galicia*

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Na actualidade, a marca Artesanía de Galicia é recoñecida polas súas persoas usuarias como un valor engadido e polas persoas consumidoras como unha imaxe de calidade e de prestixio dos produtos. Constitúe unha das principais fortalezas do sector artesán galego, polo que debe ser aproveitada para impulsar o posicionamento nacional e internacional da artesanía e para acadar unha maior promoción e comercialización do produto artesán galego.

Ata agora, a marca Artesanía de Galicia estaba regulada só por orde da consellería competente en materia de artesanía. A Lei recoñece e posiciona a marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia, como un distintivo que identifica aos obradoiros artesáns da Comunidade Autónoma de Galicia e acredita que o produto que porte o distintivo da marca elaborouse nun obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, e establece a súa finalidade.

Sen prexuízo do anterior, prevese que a consellería competente en materia de artesanía poida crear outros distintivos que acrediten a calidade e a identificación do sector artesanal galego nos termos que se establezan regulamentariamente.

O Capítulo IV, baixo a rúbrica "Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia" consta de dous artigos:

Artigo 12. *Comisión Galega de Artesanía*

A Comisión Galega de Artesanía, adscrita á consellería competente en materia de artesanía, configúrase como o órgano de carácter consultivo da Administración autonómica en materia de artesanía así como de participación e representación do sector artesán da Comunidade Autónoma de Galicia.

Mantense a súa composición paritaria entre as/os representantes da Administración autonómica e do sector artesán, as/os cales serán designadas/os nos termos que se establezan regulamentariamente.

Por último, recóllense neste artigo as funcións propias da devandita comisión, sen prexuízo das que poidan establecerse regulamentariamente.

Artigo 13. *Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia*

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A lei mantén a regulación do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de artesanía a través do centro directivo competente na materia, que ten natureza administrativa e carácter público e gratuíto e é único para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Como novidade, defínese a súa finalidade como un instrumento para o coñecemento por parte da administración da realidade do sector, non só para o control dos recoñecementos administrativos da actividade artesanal senón tamén para a mellora e a planificación e a coordinación das actuacións dirixidas á súa promoción e desenvolvemento.

Auméntase o número de seccións do rexistro, que pasan de tres a sete, quedando como seguen:

a) Carta de artesá e artesán.
b) Título de obradoiro artesán.
c) Carta de mestra artesá e mestre artesán.
d) Asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais.
e) Relación de Actividades Artesás de Galicia.
f) Establecementos de venda de Artesanía de Galicia.
g) Puntos de especial interese artesanal.

Os procedementos de inscrición, baixa ou modificación no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia así como a organización das seccións das que conste serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

O Capítulo V, baixo a rúbrica "Fundación Pública Artesanía de Galicia", consta dun único artigo.

Artigo 14. *Fundación Pública Artesanía de Galicia*

A Fundación Pública Artesanía de Galicia nace no ano 2003 co obxectivo de contribuír á promoción e ao desenvolvemento do sector artesanal galego, apoiando os oficios artesanais máis tradicionais vinculados ao noso territorio e, ao mesmo tempo, apostando pola innovación e polo uso das novas ferramentas tecnolóxicas, pola formación profesionalizada, pola divulgación e pola comercialización.

A lei recoñece como finalidade da Fundación Pública Artesanía de Galicia a de dotar ao sector artesanal dunha infraestrutura especializada para que poida desenvolver programas de asistencia, formación, innovación, co-

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

mercialización e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais de Galicia.

A disposición transitoria primeira está dirixida a recoñecer o carácter indefinido das cartas de artesá e artesán que estean vixentes no momento da entrada en vigor da lei.

Polo contrario, a disposición transitoria segunda deixa sen efecto as cartas de mestra artesá e mestre artesán anteriores á entrada en vigor da lei.

A disposición derrogatoria única derroga expresamente a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de Artesanía de Galicia e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto na lei. Así mesmo, prevé que manteñan a súa vixencia, no que non resulte incompatible coa lei, as disposicións de carácter xeral ditadas en materia de artesanía en tanto non entren en vigor as disposicións de desenvolvemento da lei que as substitúan.

Por último, a disposición derradeira primeira habilita e encomenda á Xunta de Galicia para que, no prazo dun ano, dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da lei e a disposición derradeira segunda establece a súa entrada en vigor.

IV.- ACERTO E OPORTUNIDADE

Dado o tempo transcorrido dende a aprobación da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de Artesanía de Galicia, xurde a necesidade de adecuar esta regulación á nova realidade do sector artesanal e dotalo dun marco xurídico axeitado que manteña e promova a súa importancia social, cultural, identitaria e económica e que incremente a súa profesionalización e competitividade apostando por un sector forte e perdurable no tempo.

V.-PROPORCIONALIDADE, SEGURIDADE XURÍDICA, SIMPLICIDADE E EFICACIA.

A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a norma elabórase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico.

Por razóns de interese xeral, introdúcense na lei novas definicións así como outros conceptos que ata agora estaban regulados en normas de distinto rango. Con isto téntase conseguir que a nova normativa sexa de fácil comprensión e entendemento, en aras a unha maior simplificación, eficacia e seguridade xurídica.

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Ademais, establécense os contidos necesarios para o cumprimento dos fins que persegue a norma, sen que esta resulte excesiva ou deficitaria na súa regulamentación.

En relación aos principios de simplicidade, eficiencia e eficacia, a norma non supón novas cargas administrativas para as persoas interesadas e, ao mesmo tempo, simplifica algún dos procedementos que regula.

VI.- TRANSPARENCIA E ACCESIBILIDADE

Para facer efectivos os principios de transparencia e accesibilidade, na tramitación desta norma facilitarase a información necesaria á cidadanía, publicándose o texto do anteproxecto de lei na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para coñecemento de todas as persoas interesadas, e concederase un prazo para poder formular alegacións; paralelamente, darase audiencia ás asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais. Búscase con isto a máxima participación e difusión na elaboración da norma.

De tal xeito, o presente anteproxecto de lei cumpre cos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia esixidos na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Santiago de Compostela
O director xeral de Comercio e Consumo
Manuel Heredia Pérez (asinado dixitalmente)

Asinado por: HEREDIA PEREZ, MANUEL
Cargo: Director Xeral de Comercio e Consumo
Data e hora: 06/10/2021 18:20:14

CVE: qHsTJhrYh8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MEMORIA ECONÓMICA ABREVIADA DO ANTEPROXECTO DA LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA

1.- Ao abeiro da competencia exclusiva que o artigo 27.17º do Estatuto de autonomía de Galicia outorga á nosa comunidade autónoma en materia de artesanía, o Parlamento galego aprobou a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, establecendo o marco legal de actuación do sector artesanal de Galicia.

Actualmente, o Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, sinala que esta consellería é o órgano da Administración da comunidade autónoma ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de artesanía e, mais concretamente, a de proposta normativa.

2.- Dado o tempo transcorrido dende a súa aprobación, xurde a necesidade de adaptar esta regulación á nova realidade da artesanía do século XXI e dotar ao sector artesanal, de relevante interese para Galicia, dun marco xurídico axeitado que manteña e promova a súa importancia social e cultural e incremente a súa competitividade económica e profesional.

O dito anteproxecto de lei non implica, directa ou indirectamente, gasto público imputable aos orzamentos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que non é procedente ninguna actuación administrativa de carácter económico.

Santiago de Compostela
O director xeral de Comercio e Consumo
Manuel Heredia Pérez (asinado dixitalmente)

Asinado por: HEREDIA PEREZ, MANUEL
Cargo: Director Xeral de Comercio e Consumo
Data e hora: 06/10/2021 18:20:14

CVE: eBCqJbyzr1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANTEPROXECTO DE LEY DE ARTESANÍA DE GALICIA

TÁBOA DE VIXENCIAS

1.- Ao abeiro da competencia exclusiva que o artigo 27.17º do Estatuto de Autonomía de Galicia outorga á nosa comunidade autónoma en materia de artesanía, o Parlamento galego aprobou a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, establecendo o marco legal de actuación do sector artesanal de Galicia.

Actualmente, o Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, sinala que esta consellería é o órgano da Administración da comunidade autónoma ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de artesanía, é mais concretamente a de proposta normativa.

Dado o tempo transcorrido dende a aprobación da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, xurde a necesidade de adaptar esta regulación á nova realidade da artesanía do século XXI.

2.- O anteproxecto de lei ten por obxecto a creación dun marco legal axeitado de actuación para que o sector artesanal, de relevante interés para Galicia, manteña a súa importancia social e cultural, e incremente a súa competitividade económica e profesional.

3.-O anteproxecto de lei deroga a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Comercio e Consumo
Manuel Heredia Pérez (asinado dixitalmente)

Asinado por: HEREDIA PEREZ, MANUEL
Cargo: Director Xeral de Comercio e Consumo
Data e hora: 07/10/2021 09:20:47

CVE: SS1IMEI4P7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANTEPROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española, no seu artigo 130.1, dispón que os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos, entre os que se cita expresamente á artesanía, co fin de equiparar o nivel de vida de todos os españois.

Pola súa parte, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de artesanía no artigo 27.17 do Estatuto de autonomía de Galicia. No exercicio desta competencia ditouse a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.

Dado o tempo transcorrido dende a súa aprobación, xurde a necesidade de adecuar esta regulación á nova realidade do sector artesanal, nun marco xurídico axeitado que manteña e promova a súa importancia social, cultural, identitaria e económica e que incremente a súa profesionalización e competitividade, apostando por un sector forte e perdurable no tempo.

A artesanía do século XXI é mixtura de tradición e innovación, de arraigo e modernización, de sostibilidade e progreso; pero, sobre todo, a artesanía galega son os nosos artesáns e artesás, creadores de pezas únicas e transmisores dos oficios e valores artesanais ás futuras xeracións, os que sitúan a actividade artesanal como fonte de desenvolvemento cultural, social, turístico e económico.

A actividade artesá non só se traduce en resultados puramente materiais senón que exerce ademais certa pedagoxía de carácter social, en canto transmite uns valores e contidos culturais arraigados na sociedade e que debemos apreciar e estimular. Igualmente, é un valor diferenciador fronte aos sistemas de produción industrial posto que supón un xeito de entender a empresa altamente comprometido cos aspectos emocionais, ecolóxicos e culturais das nosas tradicións.

Nos últimos anos novos e novas profesionais estanse a incorporar ás actividades artesanais xerando un emprego especializado e converténdose nun dos maiores sectores catalizadores de emprendedores e, moi especialmente, de emprendedoras, ademais dun factor importante no asentamento e desenvolvemento da poboación en zonas rurais.

Sobre a base destas consideracións, resulta necesaria unha actualización e modernización da normativa reguladora da artesanía na nosa comunidade autónoma que impulse a artesanía cara ao futuro como unha actividade económica sostible e xeradora de emprego vencellada ao territorio.

A lei consta de catorce artigos agrupados en cinco capítulos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O Capítulo I, baixo a rúbrica de "disposicións xerais" (artigos 1 a 3), establece o obxecto e fins da lei e o seu ámbito de aplicación e incorpora un artigo específico de conceptos que contribúen a unha maior comprensión do texto legal. En concreto, actualízase o concepto de artesanía, posibilitando o emprego de maquinaria auxiliar ou doutro tipo de ferramentas, dixitais ou analóxicas, sempre que a intervención persoal e o coñecemento técnico sexan determinantes no resultado final do proceso artesanal.

O Capítulo II, baixo a rúbrica de "ordenación e regulación do sector artesanal galego" (artigos 4 a 10), regula as distintas modalidades de actividades artesanais e a Relación de Actividades Artesanais definida como o conxunto sistematicamente ordenado de actividades económicas artesanais, clasificadas conforme á Clasificación Nacional de Actividades Económicas. Así mesmo, regula os recoñecementos oficiais da condición de persoa artesá, obradoiro artesán, mestra artesá e mestre artesán e asociación e federación artesanal. E, por último, inclúe o recoñecemento de puntos de especial interese artesanal coa dobre finalidade de promover os territorios e a súa artesanía e de recuperar, conservar e divulgar as manifestacións artesanais de especial singularidade.

O Capítulo III, baixo a rúbrica "marca Artesanía de Galicia", consta dun único artigo (artigo 11). A marca Artesanía de Galicia é recoñecida polas persoas usuarias como un valor engadido e polas persoas consumidoras como unha imaxe de calidade e de prestixio dos produtos. Constitúe unha das principais fortalezas do sector artesanal galego, polo que debe ser aproveitada para impulsar o posicionamento nacional e internacional da artesanía e para acadar unha maior promoción e comercialización do produto artesán galego.

A lei recoñece e posiciona a marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia, como un distintivo que identifica aos obradoiros artesanais da Comunidade Autónoma de Galicia e acredita que o produto que porte o distintivo da marca elaborouse nun obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

O Capítulo IV, baixo a rúbrica "Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia" (artigos 12 e 13), regula a Comisión Galega de Artesanía como un órgano de carácter consultivo da Administración autonómica en materia de artesanía así como de participación e representación do sector artesanal da Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei mantén o Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, que ten natureza administrativa, carácter público e gratuíto e é único para a Comunidade Autónoma de Galicia. Defínese a súa finalidade como un instrumento para o coñecemento por parte da administración da realidade do sector, non só para o control dos recoñecementos administrativos da actividade artesanal senón tamén para a mellora e a planificación e a coordinación das actuacións dirixidas á súa promoción e desenvolvemento.

O Capítulo V, baixo a rúbrica "Fundación Pública Artesanía de Galicia" consta dun único artigo (artigo 14).

A Fundación Pública Artesanía de Galicia contribúe á promoción e ao desenvolvemento do sector artesanal galego, apoiando ós oficios artesanais máis tradicionais vinculados ao noso territorio e, ao mesmo tempo, apostando pola innovación e polo uso das novas ferramentas tecnolóxicas, pola formación profesionalizada, pola divulgación e pola comercialización.

As disposicións que integran a parte final da lei teñen por obxecto adecuar a situación preexistente á nova situación xurídica creada pola presente lei.

A lei foi obxecto de consulta pública previa, e información pública e audiencia.

A lei axustase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. As medidas previstas nela responden á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia e recóllense na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación tal e como esixe o principio de transparencia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei de Artesanía de Galicia.

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e fins*

A presente lei ten por obxecto a ordenación, promoción, fomento, modernización e profesionalización do sector artesanal na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de promover o desenvolvemento da artesanía como actividade económica sostible, garantir a protección das súas diversas manifestacións e manter canles de cooperación e colaboración entre o sector artesanal galego e a Administración autonómica de Galicia para a procura dos seguintes obxectivos:

a) A conservación e a recuperación das manifestacións artesanais máis tradicionais de Galicia para garantir a súa pervivencia e desenvolvemento.

b) A potenciación da expansión e o deseño da artesanía contemporánea.

c) A inclusión de novas actividades artesanais e a incorporación de novas vocacións que consoliden no tempo o sector artesanal galego e garantan o relevo xeracional.
d) A divulgación e a posta en valor do patrimonio artesanal no ámbito económico, social, cultural e turístico.
e) O impulso da comercialización e a mellora da rendibilidade e da competitividade da artesanía no mercado, coa progresiva adaptación do sector artesanal á evolución tecnolóxica e dixital e ás diferentes canles de comercialización físicas e dixitais.
f) A profesionalización do sector artesanal mediante a formación continua e especializada.
g) A promoción da creatividade, calidade e innovación na produción artesanal galega e a creación de sinerxias con outros sectores produtivos.
h) A transmisión dos valores e o compromiso coa difusión, promoción e pedagoxía da artesanía como práctica creativa.
i) O fomento da responsabilidade social e medioambiental e o desenvolvemento local e a dinamización do rural como factores de éxito do sector artesanal.

Artigo 2**.** *Ámbito de aplicación*

1. A presente lei será de aplicación ás actividades artesanais, ás persoas artesás, aos obradoiros artesáns e ás asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais definidos no artigo 3 desta lei.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente lei as producións exclusivamente mecanizadas e a artesanía alimentaria, que se rexerán pola súa propia normativa.

Artigo 3**.** *Conceptos*

Para os efectos da presente lei entenderase por:

1. Artesanía:
Toda actividade económica que supoña o deseño, a creación, a produción, a transformación, a restauración ou a reparación de bens de valor artístico ou

tradicional e de bens de consumo, así como a prestación de servizos derivada daquelas, sempre e cando se realicen ou obteñan mediante procesos nos que a intervención persoal e o coñecemento técnico da persoa ou persoas que participan nelas constitúan o factor determinante para a obtención do produto final.
O produto ou servizo final debe ter un carácter individualizado e diferenciado que non se acomode a unha produción industrial ou de servizos totalmente mecanizada, en series ou onde a intervención do factor humano non sexa primordial.
A actividade artesanal pode levar implícita o emprego de ferramentas dixitais ou analóxicas, de maquinaria auxiliar e doutros activos sempre e cando o seu uso forme parte dalgún dos procesos de elaboración dos produtos ou servizos e non substitúa por completo a intervención persoal para a obtención do produto ou servizo final.

2. Persoa artesá:

Toda persoa física que realiza unha actividade recollida na Relación de Actividades Artesás de Galicia e que, mediante as súas habilidades, destrezas e capacitacións técnicas, pode transformar a materia prima nun produto final de calidade de acordo co previsto no artigo 3.1 desta lei.
Este recoñecemento outorgarase a través da carta de artesá e artesán, que se regula no artigo 6 desta lei.

3. Obradoiro artesán:

Toda persoa física ou xurídica legalmente constituída e que forme unha unidade económica, ubicada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e realice unha actividade comprendida na Relación de Actividades Artesás de Galicia nos termos establecidos no artigo 3.1 desta lei.
Este recoñecemento outorgarase a través do título de obradoiro artesán, que se regula no artigo 7 desta lei.

4. Mestra artesá e mestre artesán:

Toda persoa que desempeña ou desempeñou unha actividade comprendida na Relación de Actividades Artesás de Galicia de xeito divulgativo ou

profesional que posúa un gran dominio técnico do oficio, experiencia, méritos e mestría exercida na busca continua da excelencia.
Este recoñecemento outorgarase a través da carta de mestra artesá e mestre artesán, que se regula no artigo 8 desta lei.

5. Asociacións e federacións artesanais:
Toda asociación e federación profesional e empresarial artesanal de Galicia legalmente constituída, con ou sen ánimo de lucro, inscrita nos rexistros correspondentes, que agrupe maioritariamente a obradoiros artesáns ou a asociacións de obradoiros artesáns, que desenvolva a súa actividade e teña o seu domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que nos seus estatutos se establezan como fins a protección, a comercialización, o fomento e a divulgación da artesanía galega ou outros fins de interese para o sector.
Este recoñecemento outorgarase a través da condición de asociación e federación artesanal, que se regula no artigo 9 desta lei.

6. Establecementos de venda de Artesanía de Galicia:
Todo establecemento de venda de Artesanía de Galicia, calquera que sexa a súa canle de comercialización, que cumpra cos requisitos establecidos na normativa reguladora do uso da marca Artesanía de Galicia.

CAPÍTULO II
Ordenación e regulación do sector artesanal galego

Artigo 4. *Modalidades das actividades artesanais*

1. As actividades artesanais clasifícanse nas seguintes modalidades por razón do seu contido principal:

a) Artesanía de carácter tradicional: pezas artesás realizadas con técnicas tradicionais conservando os seus trazos etnográficos e de identidade.

b) Artesanía artística ou de creación: obras ou traballos realizados con técnicas artesanais e cuxa peculiaridade son a creación, a singularidade e a innovación.

c) Artesanía de produción de bens de consumo: pezas producidas para satisfacer unha necesidade determinada.

d) Artesanía de servizos: actividades artesanais de reparación e de mantemento de produtos artesáns ou históricos, así coma os que presten servizos persoais ou complementarios a algunha actividade das recollidas na Relación de Actividades Artesás de Galicia.

Regulamentariamente, poderanse establecer outras modalidades de clasificación das actividades artesanais.

2. As actividades artesanais poderán clasificarse en subsectores económicos cuxa definición, ampliación ou modificación establecerase por orde da consellería que ostente as competencias en materia de artesanía.

3. A adscrición das actividades artesanais a unha ou a varias modalidades ou, no seu caso, a subsectores económicos levarase a cabo segundo a Relación de Actividades Artesás de Galicia.

Artigo 5. *Relación de Actividades Artesás de Galicia*

1. A Relación de Actividades Artesás de Galicia é o conxunto sistematicamente ordenado de actividades económicas artesanais, clasificadas conforme á Clasificación Nacional de Actividades Económicas. Cada actividade económica indicará as diferentes modalidades definidas no artigo 4 desta lei nas que se encadra.

2. A Relación de Actividades Artesás terá o contido, a estrutura e a sistemática que se determine regulamentariamente e será elaborada e modificada mediante orde da consellería que ostente as competencias en materia de artesanía, á proposta da Comisión Galega de Artesanía.

3. A Relación de Actividades Artesás inscribirase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.

Artigo 6. *Recoñecemento oficial da condición de persoa artesá: carta de artesá e artesán*

1. Para os efectos desta lei, o recoñecemento oficial pola Administración autonómica da condición de persoa artesá outorgarase mediante a expedición da carta de artesá e artesán pola consellería que ostente as competencias en materia de artesanía, á proposta da Comisión Galega de Artesanía, de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.

2. A carta de artesá e artesán ten carácter voluntario, non constitúe un requisito para o exercicio da actividade artesanal e non exime do cumprimento das obrigas legalmente establecidas para o exercicio da actividade económica.

Non obstante o anterior, a carta de artesá e artesán é un requisito previo e obrigatorio para solicitar o recoñecemento oficial da condición de obradoiro artesán ou o recoñecemento oficial da condición de mestra artesá e mestre artesán.

3. A carta de artesá e artesán outorgarase ás persoas artesás definidas no artigo 3.2 desta lei que o soliciten e reúnan os requisitos que se establezan regulamentariamente.

4. A carta de artesá e artesán ten unha vixencia indefinida. Non obstante, perderá a súa validez no caso de renuncia ou falecemento do titular.

5. A carta de artesá e artesán inscribirase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.

Artigo 7. *Recoñecemento oficial da condición de obradoiro artesán*

1. Para os efectos desta lei, o recoñecemento oficial pola Administración autonómica da condición de obradoiro artesán outorgarase mediante a expedición do título de obradoiro artesán pola consellería que ostente as competencias en materia de artesanía, a proposta da Comisión Galega de Artesanía, de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.

2. O título de obradoiro artesán ten carácter voluntario e non constitúe un requisito para o exercicio da actividade artesanal.

3. O título de obradoiro artesán outorgarase aos obradoiros artesanais definidos no artigo 3.3 desta lei que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que a persoa responsable da actividade produtiva estea en posesión da carta de artesá e artesán e que sexa a que dirixa ou controle a totalidade do proceso produtivo, asegurando o carácter artesán do produto.

b) Que a persoa titular da unidade económica estea dada de alta no Imposto de Actividades Económicas e no réxime que corresponda da Seguridade Social, ademais de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e coa Administración pública da comunidade autónoma.
c) Que o número de persoas traballadoras empregadas non exceda de dez.

Excepcionalmente, a Comisión Galega de Artesanía, en atención á natureza da actividade desenvolvida, poderá propoñer obradoiro artesán aquel que, aínda superando o número de persoas traballadoras establecidas no parágrafo anterior, cumpra os outros requisitos previstos.

4. Tamén poderán obter o título de obradoiro artesán aquelas unidades de carácter cooperativo ou asociativo que se dediquen á elaboración e comercialización de produtos artesáns sempre que cumpran os requisitos do apartado anterior e os que se establezan regulamentariamente.

5. O título de obradoiro artesán ten unha vixencia de 5 anos desde a data da súa expedición, coa posibilidade de renovación de acordo co procedemento establecido regulamentariamente sempre que se manteñan os requisitos establecidos no apartado 3. Perderá a súa validez:

a) Por baixa voluntaria, por xubilación, por falecemento da persoa artesá responsable da actividade produtiva ou titular da actividade ou por extinción da personalidade xurídica da empresa.

b) Por incumprimento ou non mantemento dos requisitos establecidos para o seu outorgamento, previo expediente instruído ao efecto á proposta da Comisión Galega de Artesanía nos termos establecidos regulamentariamente.

6. A obtención do título de obradoiro artesán supón os seguintes beneficios:

a) Participar nas convocatorias de concesión de subvencións e de axudas relacionadas co exercicio da actividade artesanal que sexan convocadas pola consellería competente en materia de artesanía, así como nos procedementos de concesión directa.

b) Participar nos eventos de interese artesanal organizados ou financiados pola consellería competente en materia de artesanía nos termos establecidos regulamentariamente.

c) Ser beneficiario do uso da marca Artesanía de Galicia de conformidade co disposto na normativa reguladora da marca.

d) Calquera outro beneficio que se estableza regulamentariamente.

7. O título de obradoiro artesán inscribirase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.

Artigo 8. *Recoñecemento oficial da condición de mestra artesá e mestre artesán: carta de mestra artesá e mestre artesán*

1. Para os efectos desta lei, o recoñecemento oficial pola Administración autonómica da condición de mestra artesá e mestre artesán outorgarase mediante a expedición da carta de mestra artesá e mestre artesán a proposta da Comisión Galega de Artesanía, previa convocatoria pública da

consellería que ostente as competencias en materia de artesanía de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.

2. A carta de mestra artesá e mestre artesán é unha distinción persoal e intransferible que será outorgada a aquelas persoas que fixeron dunha actividade artesanal a súa profesión para darlle continuidade a un ou a máis oficios artesanais de acordo co disposto no artigo 3.4 desta lei.

3. A carta de mestra artesá e mestre artesán ten carácter voluntario e non constitúe un requisito para o exercicio da actividade artesanal.

4. Distínguense dúas modalidades:

a) Carta de mestra artesá e mestre artesán profesional: esta modalidade recoñece a mestría no exercicio dun oficio. Para o seu recoñecemento son indispensables os seguintes requisitos:

1º Estar en posesión da carta de artesá ou artesán.
2º Ter máis de 20 anos de exercicio do oficio.
3º Exercer ou ter exercido o oficio nun obradoiro artesán propio ou por conta allea.
4ºPresentar 3 cartas de apoio nos termos establecidos regulamentariamente.

b) Carta de mestra artesá e mestre artesán divulgativo: esta modalidade recoñece a capacidade de transmisión dos coñecementos do oficio mediante a docencia ou outro medio pedagóxico. Para o seu recoñecemento son indispensables os seguintes requisitos:

1º Estar en posesión da carta de artesá ou artesán.
2º Ter máis de 20 anos de experiencia divulgativa.
3ºPresentar 3 cartas de apoio nos termos establecidos regulamentariamente.

5. A carta de mestra artesá e mestre artesán ten unha validez permanente. Non obstante, perderá a súa validez no caso de renuncia ou falecemento do titular.

6. A carta de mestra artesá e mestre artesán inscribirase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.

Artigo 9. *Recoñecemento oficial de asociacións e federacións artesanais*

1. Para os efectos desta lei, o recoñecemento oficial pola Administración autonómica da condición de asociación e federación profesional e empresarial artesanal, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, outorgarase pola consellería que ostente as competencias en materia de artesanía, a proposta da Comisión Galega de Artesanía, de acordo co artigo 3.5 desta lei e co procedemento establecido regulamentariamente.

2. A obtención do recoñecemento oficial de asociación e federación artesanal supón os seguintes beneficios:

a) Participar nas convocatorias de concesión de subvencións e axudas relacionadas co desenvolvemento dos seus fins e que sexan convocadas pola consellería competente en materia de artesanía, así como nos procedementos de concesión directa.

b) Participar nos eventos de interese artesanal organizados ou financiados pola consellería competente en materia de artesanía nos termos establecidos regulamentariamente.

c) Calquera outro beneficio que se estableza regulamentariamente.

3. As asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais de Galicia inscribiranse no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.

Artigo 10. *Puntos de especial interese artesanal*

1. Poderanse declarar puntos de especial interese artesanal co fin de activar e promover os territorios e a súa artesanía así como recuperar, conservar e divulgar as manifestacións artesanais de especial singularidade.

2. Distínguense dúas categorías:

a) Zona de especial interese artesanal:
Terá a consideración de zona de especial interese artesanal o territorio formado por un ou varios municipios ou parte dos mesmos que conte cun colectivo artesanal activo e homoxéneo onde os oficios propios estean relacionados co territorio, o procedemento e o produto, ou que teña unha tradición artesanal de longo percorrido ou de recoñecemento histórico.

b) Obradoiro de especial interese artesanal:
Terá a consideración de obradoiro de especial interese artesanal o obradoiro definido no artigo 3.3 desta lei que veña desenvolvendo a súa actividade cun marcado interese cultural e territorial e no que concorran especiais características de tradición, innovación, produción ou comercialización.

3. O recoñecemento de puntos de especial interese artesanal efectuarase pola consellería competente en materia de artesanía previo informe preceptivo da Comisión Galega de Artesanía e de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.

4. Os puntos de especial interese artesanal inscribiranse no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 13 desta lei.

CAPÍTULO III
Marca Artesanía de Galicia

Artigo 11. *Marca Artesanía de Galicia*

1. A marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia, é un distintivo que identifica aos obradoiros artesáns da Comunidade Autónoma de Galicia e acredita que o produto que porte o distintivo da marca se elaborou nun obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

2. O distintivo da marca Artesanía de Galicia ten por finalidade:

a) Dotar á artesanía galega dunha imaxe que a distinga e identifique a súa procedencia.

b) Promover a difusión da artesanía de Galicia e fomentar a súa comercialización.

c) Protexer e manter o prestixio das/os profesionais da artesanía de Galicia e das súas obras.

d) Informar ás persoas consumidoras sobre a produción artesanal.

e) Apoiar os puntos de venda ofrecendo a información necesaria que a diferencie no mercado.

3. A concesión, o uso e o control da marca Artesanía de Galicia regularase por orde da consellería competente en materia de artesanía.

4. Sen prexuízo do anterior, a consellería competente en materia de artesanía poderá crear outros distintivos que acrediten a calidade e a identificación do sector artesanal galego nos termos establecidos regulamentariamente.

CAPÍTULO IV
Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

Artigo 12**.** *Comisión Galega de Artesanía*

1. A Comisión Galega de Artesanía é o órgano de carácter consultivo da Administración autonómica en materia de artesanía, así como de participación e de representación do sector artesanal da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Comisión Galega de Artesanía queda adscrita á consellería que ostente as competencias en materia de artesanía.

3. A Comisión Galega de Artesanía está formada por representantes da Administración autonómica e do sector artesanal e a súa composición será paritaria.
Os representantes da Administración autonómica e do sector artesanal inscritos na correspondente sección do Rexistro Xeral de Artesanía serán designados nos termos que se establezan regulamentariamente.

4. As funcións da Comisión Galega de Artesanía son as seguintes:

a) Propoñer a inclusión e a modificación de actividades na Relación de Actividades Artesás de Galicia.

b) Propoñer a expedición das cartas de artesá e artesán.

c) Propoñer a expedición e perda de validez dos títulos de obradoiro artesán.

d) Propoñer a expedición das cartas de mestras artesás e mestres artesáns.

e) Propoñer o recoñecemento da condición de asociación e federación profesional e empresarial artesanal.

f) Propoñer á Administración autonómica disposicións e actuacións dirixidas ao fomento, á protección, á promoción e á comercialización da artesanía.

g) Calquera outra función que se determine nesta lei ou se estableza regulamentariamente.

Artigo 13. *Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia*

1. O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de natureza administrativa e carácter público e gratuíto, é único para a Comunidade Autónoma de Galicia e está adscrito á Consellería competente en materia de artesanía a través do centro directivo competente na materia.

2. O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia ten por finalidade o coñecemento por parte da administración da realidade do sector, non só para o control dos recoñecementos administrativos da actividade artesanal senón tamén para a mellora e a planificación e a coordinación das actuacións dirixidas á sua promoción e desenvolvemento.

3. Os datos contidos nos recoñecementos outorgados segundo o disposto nesta lei inscribiranse de oficio no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. Os ditos datos, a excepción dos de carácter persoal, teñen carácter público e estarán dispoñibles no portal web da Administración autonómica.

4. O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia consta, como mínimo, das seguintes seccións:

a) Carta de artesá e artesán.
b) Título de obradoiro artesán.
c) Carta de mestra artesá e mestre artesán.
d) Asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais.
e) Relación de Actividades Artesás de Galicia.
f) Establecementos de venda de Artesanía de Galicia.
g) Puntos de especial interese artesanal.

5. Os procedementos de inscrición, baixa ou modificación no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia así como a organización das seccións das que conste serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

6. Procederase á cancelación de oficio nos supostos de perda da validez dos recoñecementos oficiais de acordo co previsto nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

CAPÍTULO V
Fundación Pública Artesanía de Galicia

Artigo 14**.** *Fundación Pública Artesanía de Galicia*

A Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e patrimonio propio que ten por finalidade dotar ao sector artesanal dunha infraestrutura especializada para que poida desenvolver programas de asistencia, formación, innovación, comercialización e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais de Galicia.

Disposición transitoria primeira. *Cartas de artesá e artesán*

As cartas de artesá e artesán que estean vixentes no momento da entrada en vigor da presente lei pasarán a ter carácter indefinido de conformidade co artigo 6 desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Cartas de mestra artesá e mestre artesán*

Todas as cartas de mestra artesá e mestre artesán anteriores á entrada en vigor desta lei perderán a súa vixencia.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derrogada a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de Artesanía de Galicia e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei.

2. Manteñen a súa vixencia, no que non resulte incompatible coa presente lei, as disposicións de carácter xeral ditadas en materia de artesanía en tanto non entren en vigor as disposicións de desenvolvemento da presente lei que as substitúan.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*
A Xunta de Galicia, no prazo dun ano, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA

O Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, establece no seu artigo 7.1 que os proxectos de disposición de carácter xeral, sexa cal sexa o seu rango normativo, haberán de ser informados pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería respectiva antes de ser sometidos ao órgano competente para promúlgalos.

Pola súa parte, o Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, prescribe no seu artigo 14 que o Servizo de Calidade e Apoio Normativo da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa ten encargada a "realización de estudos e informes que lle sexan encomendados pola Secretaría Xeral Técnica e a Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa" (artigo 14 letra d) e ao "estudo e tramitación dos anteproxectos e proxectos de disposicións que elaboren os centros directivos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, así como a preparación das recompilacións e refundicións das normas emanadas desta" (artigo 10 letra e).

De acordo co disposto na normativa indicada, e á vista do Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia, o Servizo de Calidade e Apoio Normativo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación emite o correspondente informe preceptivo.

1. CONSTITUCIONALIDADE

Este primeiro apartado ten por obxecto analizar o encadramento competencial do Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia, para o cal resulta necesario analizar o reparto de competencias na materia que deriva do disposto na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

1.1 DISTRIBUCIÓN CONSTITUCIONAL DE COMPETENCIAS NO SECTOR

O artigo 130.1 atribúe aos poderes públicos a obriga de atender á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos, e nomeadamente da artesanía, a fin de equiparar o nivel de vida de todos os españois. Esta referencia ao papel dos poderes públicos concrétase en canto ao seu exercicio nos artigos 148 e 149.

En relación coa distribución constitucional de competencias no sector da artesanía, o artigo 149.1 da Constitución española non inclúe a dita materia na relación de ámbitos materiais e funcionais reservados á competencia exclusiva do Estado. Todo

CVE: ooKCZdbt26
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

o contrario pois, precisamente, o artigo 148.1.14ª menciona tal ámbito de actuación entre os susceptibles de asunción autonómica, mediante a súa inclusión nos correspondentes Estatutos de Autonomía.

A este respecto, a dicción literal do dito precepto é a seguinte:

"Artigo 148.1. As comunidades autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:

14. A artesanía."

A primeira conclusión que de tal precepto procede salientar é que a habilitación autonómica que nel se contén non a somete, polo menos expresamente, a límite competencial ningún, por remisión ás competencias estatais previstas no artigo 149.1.

En definitiva, nunha interpretación literal do reparto de competencias que a Constitución española deseña, a intervención autonómica na materia da artesanía non se encontraría limitada por referencia expresa a títulos competenciais do Estado.

Sen prexuízo de que o Estado dispoña de diversos títulos transversais ou horizontais de intervención tales como as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica (art 149.1.13ª), ou o servizo da cultura (art 149.2), non poden servir para condicionar a regulación autonómica no sector da artesanía.

1.2. ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

O Estatuto de Autonomía de Galicia prevé un primeiro título de atribución de competencias no sector da artesanía; en efecto, o seu artigo 27.17 atribúelle á nosa comunidade autónoma a competencia exclusiva.

Así as cousas, e como se razoou no anterior apartado, da propia literalidade do Estatuto de Autonomía de Galicia resultaría que a competencia autonómica no sector da artesanía non sufriría limitación ningunha por referencia expresa a outros títulos competenciais do Estado.

Malia o anterior, xa se advertiu acerca da posibilidade de que as competencias autonómicas no sector poidan verse condicionadas por outros títulos do Estado. Así as cousas, no contexto da citada consideración legal da artesanía, e tendo en conta as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, procedería tomar en consideración a presenza dos títulos de atribución competencial previstos no artigo 30.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, segundo o cal lle corresponde á nosa comunidade autónoma, de xeito exclusivo, de acordo coas bases e a ordenación

CVE: ooKCZdbt26
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia, e o comercio interior.

En conclusión, á vista do referido contexto constitucional e estatutario, considérase que a iniciativa lexislativa promovida se axusta ao ámbito de competencias asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

2. OBXECTO DO ANTEPROXECTO E ESTRUTURA

2.1. OBXECTO

O anteproxecto de referencia ten por obxecto adecuar a regulación da artesanía en Galicia, ata agora establecida na Lei 1/1982, de 11 de marzo, á nova realidade do sector, nun marco xurídico idóneo que manteña e promova a súa importancia social, cultural, identitaria e económica, e que incremente a súa profesionalización e competitividade.

A actividade artesanal en Galicia non é só unha actividade económica, senón que tamén ten unha importante dimensión cultural, no que implica de transmisión de valores, respecto polos materiais locais e do medio ambiente, promoción do emprendemento, creación de emprego especializado de calidade, e fixación da poboación nos núcleos rurais.

2.2. ESTRUTURA

A lei consta de catorce artigos agrupados en cinco capítulos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións finais.

A súa estrutura é a seguinte:

Capítulo I (artigos 1 a 3): disposicións xerais.

Capítulo II (artigos 4 a 10): ordenación e regulación do sector artesanal galego.

Capítulo III (artigo 11). Marca Artesanía de Galicia.

Capítulo IV (artigos 12 e 13): Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Capítulo V (artigo 14): Fundación Pública Artesanía de Galicia.

Disposicións transitorias.

Disposición derrogatoria.

Disposicións derradeiras.

CVE: ooKCZdbt26
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. ANÁLISE XURÍDICA

A regulación do sector da artesanía en Galicia conforme ao anteproxecto consta, en termos esenciais, dos seguintes aspectos: o establecemento dos fins e obxectivos a acadar e as definicións que permiten delimitar a actividade artesanal; as súas modalidades, o recoñecemento oficial das persoas artesáns, mestras e mestres artesáns, obradoiros artesáns, asociacións e federacións, e puntos de especial interese; o réxime de acceso á marca Artesanía de Galicia; a composición e funcionamento da Comisión de Artesanía de Galicia e a regulación do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia; e a Fundación Pública Artesanía de Galicia.

A seguir, analizaranse cada un dos capítulos en que se estrutura o anteproxecto:

O Capítulo I establece as disposicións xerais. Nel se regulan os fins e obxectivos buscados pola norma e o seu ámbito de aplicación. Se define a actividade artesanal, actualizando o seu concepto á realidade presente, e permitindo a utilización de maquinaria auxiliar e outro tipo de ferramentas dixitais ou analóxicas, sempre que se preserve o feito diferencial de que a intervención persoal e o coñecemento técnico resulten determinantes do resultado.

O Capítulo II regula as distintas modalidades de actividade artesanal e a Relación de Actividades Artesanais, definida como o conxunto sistematicamente ordenado de actividades económicas artesanais clasificadas conforme a CNAE.

Se regulan os distintos tipos de recoñecementos oficiais paras as persoas e entidades participantes na actividade artesanal, regulándose os seus requisitos e vixencia. Se inclúe o recoñecemento de persoas artesáns, mestras e mestres artesáns, obradoiros artesáns, asociacións e federacións artesáns.

Tamén se inclúe o recoñecemento de puntos de especial interese, para promover os territorios e recuperar, conservar e divulgar as manifestacións artesanais singulares, buscando a fixación da poboación dos núcleos rurais.

O Capítulo III regula a marca Artesanía de Galicia. Este distintivo é un valor engadido e unha garantía de calidade, dando prestixio aos produtos e servizos aos que se lles aplica. A lei regula a súa utilización, asegurando que só os obradoiros que estean inscritos no Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia poidan facer uso dela, asegurando así a promoción do sector e preservando o seu valor diferencial.

O Capítulo IV regula a Comisión Galega de Artesanía de Galicia e o Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

CVE: ooKCZdbt26
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Comisión constitúe un órgano de carácter consultivo, no que está representado o sector artesanal, permitindo así a súa contribución e participación ao deseño de actuacións públicas na materia.

O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia mantense como un rexistro voluntario para exercer a actividade. Ten carácter administrativo, público e gratuito. Ten por obxecto o coñecemento pola Administración da realidade do sector, facilitando a mellora, planificación e coordinación das actuacións públicas dirixidas á promoción do sector. Ademais tamén se utiliza para o control dos recoñecementos oficiais indicados anteriormente.

O Capítulo V regula a Fundación Pública Artesanía de Galicia.

As disposicións transitorias serven para adaptar os recoñecementos xa concedidos ao novo réxime xurídico.

A disposición derrogatoria determina as normas que perden a súa vixencia, moi en especial a Lei 1/1982, permitindo que continúen en vigor as súas normas de desenvolvemento ata que non se aproben outras novas, en todo o que non contradiga o texto da lei.

A disposición derradeira primeira establece unha habilitación á Xunta de Galicia para o seu desenvolvemento regulamentario, mentres que a disposición derradeira segunda establece a entrada en vigor da lei.

4. ACERTO, OPORTUNIDADE E XUSTIFICACIÓN

O anteproxecto da lei de artesanía de Galicia busca modernizar e adaptar a regulación e réxime xurídico da artesanía aos tempos en que vivimos. A actividade artesanal ten un importante arraigo histórico en Galicia, cunha dimensión que non se limita á económica. A artesanía tamén serve de mecanismo de transmisión de valores, coñecementos técnicos, materias primas locais, experimentación estética, técnica e artística, e fixación da poboación rural, coa conseguinte articulación do territorio.

A artesanía ten cambiado moito, pasando de cubrir necesidades básicas non asumidas polos produtos industrias a un alto nivel de profesionalización, calidade técnica, e prestixio social, que lle confiren un especial valor engadido. Parte de este evolución implica a experimentación e uso de novas técnicas, ferramentas, e enfoques estéticos, que fan transcender a actividade do artesán dunha mera reprodución de patróns, formas e motivos, para recoñecerlle un potencial creativo propio como autor de pezas únicas nas que a participación persoal e o coñecemento técnico específico adquirido marcan a diferencia.

CVE: ooKCZdbt26
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

É por tanto acertado recoñecer estas novas modalidades de artesanía, sempre asegurando o respecto polos factores humanos e materiais que o singularizan.

Os progresivos cambios demográficos tamén fan perigar as singularidades locais, e a transmisión de técnicas, coñecementos sobre o uso dos materiais e xeitos específicos de traballo. O recoñecemento dos puntos de especial interese buscan reverter esta tendencia, fixando poboación, creando emprego estable especializado e de calidade, e promovendo estas especialidades locais para o beneficio dos territorios, do sector no seu conxunto, e da comunidade autónoma.

Por tanto, que o texto do anteproxecto é acertado, oportuno, e xustificado ás necesidades do sector e de Galicia.

Todo o cal se informa para os efectos do disposto no artigo 7.1 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

David Picón Álvarez

Xefe do Servizo de Calidade e Apoio Normativo

Asinado por: PICON ALVAREZ, DAVID
Cargo: Xefe de servizo de Calidade e Apoio Normativo
Data e hora: 15/10/2021 12:08:42

CVE: ooKCZdbt26
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

María José García Sexto, directora da Área de Administración Dixital na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,

CERTIFICO:

Que durante o período comprendido entre o 19/10/2021 e o 16/11/2021 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) se expuxo publicamente na fase "En prazo de envío de suxestións" do portal de Transparencia e Goberno aberto o texto íntegro do seguinte proxecto:

Anteproxecto de lei de artesanía de Galicia

Para este proxecto recibíronse 185 suxestións a través do formulario dispoñible no propio portal de Transparencia e Goberno aberto.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente certificación en Santiago de Compostela.

A directora da Área de Administración Dixital

María José García Sexto

Asinado por: GARCIA SEXTO, MARIA JOSE
Cargo: Directora de Área
Data e hora: 25/11/2021 08:10:25

CVE: LVRSfPETB1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Sistema de avisos da Xunta de Galicia<nonresponder@xunta.gal>

mar 16/11/2021 22:51

Para:cei.leidetransparencia <cei.leidetransparencia@xunta.gal>;

Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal

Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:

Título da norma: Anteproxecto de lei de artesanía de Galicia
Nome e apelidos: Oliver Fernandez Batista
Entidade á que represento:
Enderezo: Soulecin 19
Código postal: 32314
Provincia: Ourense
Concello: O Barco de Valdeorras
Teléfono: 615625887
Fax:
Email: Granjagaligalinha@gmail.com
Data suxestión: 16/11/2021 22:51
Texto suxestión:

"Apoyo la inclusión de la elaboración de artesanía con calabazas en el registro xeral de artesanía de Galicia".

Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

Xunta de Galicia

A información contida nesta mensaxe e os seus posibles documentos adxuntos é privada e confidencial e está dirixida unicamente ao seu destinatario. Se vostede non é o destinatario orixinal desta mensaxe, por favor, elimíneo.

La información contenida en este mensaje y sus posibles documentos adjuntos es privada y confidencial y está dirigida únicamente a su destinatario. Si usted no es el destinatario original de este mensaje, por favor elimínelo.

The information in this message and any attachments that may be included with it, is private and confidential and is directed exclusively to the message's recipient. If you are not the original recipient is message, please erase it.

Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Sistema de avisos da Xunta de Galicia<nonresponder@xunta.gal>

mar 16/11/2021 22:53

Para:cei.leidetransparencia <cei.leidetransparencia@xunta.gal>;

Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal

Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:

Título da norma: Anteproxecto de lei de artesanía de Galicia
Nome e apelidos: Beatriz Gredilla Lopez
Entidade á que represento:
Enderezo: Tolda de Castela 11
Código postal: 27002
Provincia: Lugo
Concello: Lugo
Teléfono: 617606659
Fax:
Email: betty31073@gmail.com
Data suxestión: 16/11/2021 22:53
Texto suxestión:

Apoyo la inclusión de la elaboración de artesanía con calabazas en el registro xeral de artesanía de Galicia.

Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

Xunta de Galicia

A información contida nesta mensaxe e os seus posibles documentos adxuntos é privada e confidencial e está dirixida unicamente ao seu destinatario. Se vostede non é o destinatario orixinal desta mensaxe, por favor, elimíneo.

La información contenida en este mensaje y sus posibles documentos adjuntos es privada y confidencial y está dirigida únicamente a su destinatario. Si usted no es el destinatario original de este mensaje, por favor elimínelo.

The information in this message and any attachments that may be included with it, is private and confidential and is directed exclusively to the message's recipient. If you are not the original recipient is message, please erase it.

Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Sistema de avisos da Xunta de Galicia<nonresponder@xunta.gal>

mar 16/11/2021 22:56

Para:cei.leidetransparencia <cei.leidetransparencia@xunta.gal>;

Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal

Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:

Título da norma: Anteproxecto de lei de artesanía de Galicia
Nome e apelidos: María Hermida Ares
Entidade á que represento:
Enderezo: Rúa Travesa 17
Código postal: 15704
Provincia:
Concello:
Teléfono: 699540319
Fax:
Email: mariares78@gmail.com
Data suxestión: 16/11/2021 22:56
Texto suxestión:

```
Inclusión da actividade de elaboración de cosméticos no rexistro xeral de actividades artesás.
```

Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

Xunta de Galicia

A información contida nesta mensaxe e os seus posibles documentos adxuntos é privada e confidencial e está dirixida unicamente ao seu destinatario. Se vostede non é o destinatario orixinal desta mensaxe, por favor, elimíneo.

La información contenida en este mensaje y sus posibles documentos adjuntos es privada y confidencial y está dirigida únicamente a su destinatario. Si usted no es el destinatario original de este mensaje, por favor elimínelo.